

Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Persoal, oposicións**

LISTA DEFINITIVA, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATA DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 1UNHA PRAZA VACANTE DE OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A), POR OPOSICIÓN LIBRE (OEP 2022)

ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2026-2947, con data de 06/08/2026, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de persoal laboral fixo denominada OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A), a tempo completo, polo sistema de oposición libre e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2022, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

As bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral do Concello de Redondela publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm.: 50, do 13/03/2015 e as súas rectificacións, nos BOPPO núm.: 77, do 22/04/2016, núm.: 25, do 08/02/2021 e núm.: 152, do 10/08/2022.

As bases específicas para cubrir unha praza vacante de persoal laboral fixo denominada OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A), a tempo completo, equiparada ao Grupo C, subgrupo C2 da función pública, categoría Oficial e incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2022, mediante o sistema de oposición libre, publicáronse no BOPPO núm.: 169, do 05/09/2025.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 14/10/2025 e rematou o día 10/11/2025.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2026-0096, con data de 13/01/2026, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de Oficial de Medio Ambiente (Fontaneiro/a), mediante o sistema de oposición libre, que se publicou no BOPPO núm.: 11, do 19/01/2026.

O día 02/02/2026 finalizou o prazo establecido de 10 días para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluínte.

Tras resolver as alegacións que se presentaron contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas bases xerais que regulan a convocatoria de procesos selectivos

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: J321NWFR3D9MJBX1



Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral deste concello e de acordo coas bases específicas da convocatoria que se publicaron no BOPPO núm.: 169, do 05/09/2023, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.— Elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A) (Persoal Laboral Fijo), polo sistema de oposición libre.

SEGUNDO.— Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de OFICIAL DE MEDIO AMBIENTE (FONTANEIRO/A) (Persoal Laboral Fijo), polo sistema de oposición libre, que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

- Titular: Alberto Cabaleiro Lorenzo, oficial de Medio Ambiente (Fontaneiro/a) do Concello de Redondela.
- Suplente: Fernando Covelo Rodríguez, oficial de Obras e Servizos do Concello de Redondela.

SECRETARIA:

- Titular: Cristina Tapias Bouso, enxeñeira industrial do Concello de Vigo.
- Suplente: Ana Gesteira Ponce, auxiliar de Arquivo do Concello de Redondela.

VOGAIS:

- Titular: Antonio Tubío Fungueiro, técnico auxiliar electromecánico do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Jorge Padín Serantes, capataz-xefe de brigada, adscrito ao servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Roberto Romero Charlín, oficial de servizos varios adscrito ao servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Francisco Javier Vilariño Pájaro, técnico de xestión de residuos do servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Sonia María Cacabelos Cobas, oficiala de servizos xerais e subalternos do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Antía Parcero Rodal, técnica de mantemento do Museo de Pontevedra da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO.— A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 15/09/2026

HORA: 09:30

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: J321NWFR3D9MJBX1



Martes, 11 de agosto de 2026

Núm. 152

CUARTO.— As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición o:

DÍA: 01/10/2026

HORA: 11:00

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

QUINTO.— Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web (<https://redondela.gal/categoria/empleo-publico/persoal-laboral-fixo/>) e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e a data de inicio da fase de oposición deste proceso selectivo.

SEXTO.— Contra a resolución da alcaldesa aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa."

Documento asinado electronicamente á marxe.

